

Bos días!

Espero que [tod@s](#) sigades ben

Como esto parece que se vai prolongar mándovos este traballo para despois de Semana Santa.

Imos traballar sobre **os movementos migratorios**.

Para iso , primeiro imos traballar sobre unha película "The visitor" (tédela en Youtube) e ides facer a ficha que vos adxunto.

Despois na páx. 219 facede o ex. 12 (usa as tic). Ledes a noticia e despois comentades unha das noticias que aparecen na páxina. (a que vos queirades)

Os dous traballos ( a ficha da peli e o comentario da noticia) mandádesmos o correo [sueiras947@gmil.com](mailto:sueiras947@gmil.com))

- A data límite para enviar o traballo é o 24 de abril. Se se levantara o confinamento xa mo entregades na aula.

Asdo: Nanci

## A EMIGRACIÓN

### Temas

: Dereito a asilo, liberdade de circulación e residencia, prexuícios raciais

Contesta as seguintes preguntas

- Cal é o motivo polo que Tarek e súa nai abandonaron Siria?
- Por que é tan difícil acollerese ao dereito de asilo?
- Como reaccionaríamos si un día nos ocorrira que a Walter, que nos atopamos a casa ocupada?
- Quen pensas que se pode beneficiar do dereito de asilo?
- Comentar a seguinte noticia: “O Tribunal Supremo sentenciou que as vítimas estranxeiras de violencia de xénero son tamén vítimas dunha persecución e, por tanto, son merecedoras do dereito de asilo en España.”
- Comentar a escena na que Walter, Mouna e Zainab contemplan a Estatua da Liberdade.
- Os atentados que sufriu París (ou os do 11M en España) contribuíron a reforzar os prexuízos cara aos cidadáns ou inmigrantes de orixe árabe ou musulmá?
- É xusto, ou comprensible, que a unha persoa, só pola súa aparencia racial, a policía lle pida a documentación, como se ven denunciando de forma reiterada en España e noutros países?
- Que dificultades atopan os inmigrantes que chegan a unha cidade dun país desenvolvido?
- Escribe 3 actitudes positivas e 3 negativas que se reflexan na película. Hai prepotencia nalgún momento? Se non coñeces o significado da palabra prepotencia pregunta na túa familia ou búscalo no dicionario,
- Cal é a escena que máis te commoveu? E a que menos che gustou?
- Fai unha valoración persoal da película. (Xustificando a túa resposta) (Mínimo 5 liñas)

**Nanci Barro Sueiras**

**Departamento de Xeografía e Historia**

**Título : TRABALLOS SOBRE OS MOVEMENTOS  
MIGRATORIOS**

**Materia: Xeografía e Historia 2º Eso**

**Alumnado: 2º Eso A,B,C,D,E**